



ANUNCIO

O Concello de Muros anuncia a convocatoria para contratar servizos para impartir os Obradoiros culturais que seguidamente se relacionan, mediante contrato menor:

Obradoiro de arte floral, as clases impartiranse no centro de O Areal, Esteiro, os mércores de 16:00 a 18:00 h. En San Xosé, Muros os venres de 19:00 a 21:00 h. Dende outubro a maio, incluídos. Prezo máximo de 217,60 €/mes (IVE incluído) e 1577,60 € polo total do contrato.

Obradoiro de bailes de salón, as clases impartiranse no centro sociocultural de Louro os sábados de 19:00 a 20:00 h e no Pozo do Cachón os mércores, de 21:00 a 22:00 e os sábados de 17:30 a 18:30 horas. Dende outubro a maio, incluídos. Prezo máximo de 850,00 €/mes (IVE incluído) e 5950,00 € polo total do contrato

Obradoiro de costura en Muros, as clases impartiranse no centro de San Xosé, Muros, os martes, de 17:30 a 21:30 horas. Dende outubro a maio, incluídos. Prezo máximo de 300,00 €/mes. (IVE incluído) e 2400,00 € polo total do contrato

Obradoiro de teatro en Muros, para grupo infantil e de adultos, as clases impartiranse no Auditorio do Centro Cultural de Muros, os mércores, de 18:30 a 22:00 horas. Dende outubro a xuño, incluídos. Prezo máximo de 435,60 €/mes. (IVE incluído) e 3920,40 € polo total do contrato

Obradoiro de traballos manuais, as clases impartiranse no centro de San Xosé, Muros, os luns de 16:00 a 18:00 horas. No Areal, Esteiro, os luns de 18:30 a 20:30 horas. No centro sociocultural de Louro, os mércores de 16:00 a 18:00 h. No centro de Agrovello, Tal, os mércores de 18:30 a 20:30 h. No Pozo do Cachón, Serres, os xoves de 16:30 a 18:30 h. En Trasdacosta, Esteiro, os xoves de 19:00 a 21:00 h. Dende outubro a maio, incluídos. Prezo máximo de 755,04 €/mes. (IVE incluído) e 5474,04 € polo total do contrato

As empresas interesadas en participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Alcaldesa do Concello de Muros, xunto coa proposta económica e documentación que acredite a súa capacidade para impartir cada actividade e unha declaración responsable indicando que non está incurso en causas ou prohibicións para contratar e estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social, o que deberá acreditar previa adxudicación.

As instancias presentaranse no Rexistro de entrada do concello ata o día 1 de setembro, ás 10:00 h.

Muros, 23 de agosto de 2017

A alcaldesa

Asdo.: María Xosé Alfonso Torres